

## PUNTAS DE FRECHA DE BASE CÓNCAVA EN TERRAS DE VILALBA (LUGO)

Xosé A. Pombo Mosquera

### Resume:

Estúdianse unhas puntas de frecha de base cóncava aparecidas tanto en abrigos baixo penas sobre un estrato que dá industria do Paleolítico Superior Final coma nunha medoña. Ponse de manifesto a posible ocupación ocasional dos abrigos nunha fase final do Megalitismo á que se asocian estes obxectos.

Ata agora as puntas de frecha que foron aparecendo no entorno do mundo megalítico correspóndense a unha tipoloxía clara pero que non se concreta coa precisión que cómpre.

As puntas de frecha de base cóncava non son descoñecidas dentro do mundo arqueolóxico galego, pero non existen estudos precisos sobre as mesmas.

Aquí preséntase varias delas que teñen en común que apareceron nunha área xeográfica ben definida. Son as seguintes:

### PG, C e S:


Entre 1974 e 1975 realizáronse en terras de Vilalba unha serie de prospeccións e de excavacións arqueolóxicas en abrigos formados por penedos que deron lugar ó descubrimento de xacementos con industrias en cristal de rocha, silex e arenisca. Foron datados a finais do Paleolítico superior (ALONSO DEL REAL-VÁZQUEZ VARELA, 1976).

En dous destes abrigos, Pena Grande e O Carrizo, axiña que se quitaron os teróns para proceder ás excavacións, e no medio das raíces das herbas, apareceron cadansúa punta de frecha: PG e C (Fig. 1) e que xa nun primeiro momento non parecían corresponder coas industrias do resto das excavacións. Esta impresión confirmouse con posterioridade.

A punta denominada "S" (Foto 1) está depositada no Museo Provincial de Lugo dende hai máis de 25 anos e dela tan só coñecemos que se atopou na parroquia de Samarugo.

Morfolóxicamente as tres son similares: Base cóncava, sección biconvexa, e bordos rectilíneos formando estes un ángulo de 31º en C., de 45º en PG e de 42º en S.

FIG. 1






Foto 1

As tres puntas foron feitas en silex, seguindo a mesma técnica de talla a presión, con retoque plano, cubriente e pseudoparalelo, ademais de presentaren outro retoque de acabado marxinal estreito nos bordos áinda que non o presenta no extremo basal.

A punta C ten unha relación espesor/anchura de 6 mm./26 mm. O silex é de color leitosa con incrustacións encarnadas. Este tipo de silex pode atoparse en Trastoi, a uns 2,5 quilómetros en liña recta ó E-SE de onde apareceu C (Mapa 2).

A punta PG ten unha relación E/A de 4,5 mm./17 mm. O silex de que está feita é de color ocre clara, de gran moi fino, e que pode ser atopado no Barreiro, a uns 3,5 quilómetros ó S de Pena Grande (Mapa 2).

A punta S ten unha relación E/A de 4,5 mm./24 mm. O tipo de rocha que a soporta é de color negra, de gran moi fino e que esfolia, polo que nos parece estar diante dun tipo de lousa moi particular. Descoñecémo-la súa orixe e non nos parece local. Nada máis podemos precisar ó descoñecérmo-las circunstancias e mailo contexto onde apareceu.

#### Puntas aparecidas na Medoña-5 de Lousada:

Sabemos que durante unha prospección realizada hai uns 25 anos nesta medoña apareceron 6 puntas de frecha de base cóncava e recta asociadas a cerámica de tipo Penha (VÁZQUEZ-GABEIRAS, 1993). O túmulo mide 12,5 metros de diámetro na súa base e 1,5 metros de alto. Ten unha cámara cadrada, con catro chantas que a pechan (POMBO-REGO, 1990).

Pola súa morfoloxía, polo material usado para facelas e mesmo pola técnica de talla, estas puntas de frecha relaciónnanse con outras prácticamente iguais que aparecen sobre todo na metade meridional da Península, en enterramentos de tipo *tholoi*, en horizontes calcolíticos.

En Galicia coñécense outras puntas similares procedentes de máis ó sur do paralelo 43º 20' onde nos movemos:

EGUILETA FRANCO (1987) catalogou doce delas na provincia de Ourense, pero tan só dúas teñen a base cóncava e non se teñen noticias claras sobre as circunstancias nas que foron atopadas. Manifesta o mencionado autor que “As puntas de frecha de base recta, cóncava e pedunculada podemos, de momento, consideralas como excepcionais, dado o escaso número de exemplares aparecidos en Galicia” (páx. 63), atribuíndolles máis adiante un probable contexto de finais do megalitismo.

Este mesmo autor e outros (EGUILETA et al. 1991) atoparon dúas puntas, unha de base cóncava e outra plana, no túmulo M-2 de San Bieito (Grou), esta vez asociadas a un disco pétreo, un ídolo, unha fusaiola, un *ȝafíador?* de agullas de óso e catro anacos cerámicos (sen especificar tipo de cerámica).

DE LA PEÑA SANTOS (1984) no xacemento de Lavapés, nun contexto arqueolóxico perfectamente estudiado, anota a existencia de tres puntas de base recta, dúas delas en seixo e unha en lousa. Sinala tamén unha cuarta en cristal de rocha de base recta cunha pequena aleta. Asociadas a elas apareceron láminas de silex, lascas do mesmo material, diversos machados pulidos e abundantísima cerámica tipo “Penha”. No mesmo contexto apareceron moitos cotiledáns carbonizados de landras que datados polo C-14 deron a cifra de 1980 B.C. Todo isto tamén nos leva a un momento tardío do megalitismo.

Próximas ós abrigos temos catalogadas unha serie de medoñas (Mapa 2) que poden poñer en contacto as puntas con estoutros contextos arqueolóxicos. E aínda que sexa imposible precisar a que momento do megalitismo poderían pertencer todas elas, todo parece apuntar a unha fase final do mesmo. A confirmar isto contribuirían as probas de ocupación megalítica que posuimos:

Sobre PG e C: Apareceron restos de cerámica campaniforme nunha medoña de Roupar, nun enterramento secundario, a uns 6,5/8 quilómetros en liña recta ó N-NO e a (CRIADO BOADO-RAMIL SONEIRA VÁZQUEZ VARELA, 1981), e máis en dúas medoñas de Lousada, con dolmen de corredor, a 6/9 quilómetros ó N (BOUZA BREY - CARRO OTERO - GARCÍA MARTÍNEZ, 1973). Tamén se atoparon dous anaquillos de cerámica campaniforme noutro megalito con corredor, “A Medoña de Ramos”, do concxunto do Carrizo, esta vez asociados a un pequeno fragmento de cerámica tipo Penha (POMBO MOSQUERA - REGO ÁLVAREZ, 1992).


En relación coas puntas cóncavas, destacarémos os seguintes feitos:


1) Dúas destas puntas apareceron en abrigos baixo pena, preto de conxuntos de medoñas, cunha alta densidade de túmulos. En ningún caso se atopou canda elas ningún outro obxecto que se puidese poñer en relación cultural cun horizonte de finais do megalitismo. Este feito podería indica-la ocupación ocasional dos abrigos por parte das xentes que fabricaron os útiles.

2) É clara a asociación destas puntas coa cerámica tipo Penha segundo se desprende do enxoval da M-5 de Lousada (VÁZQUEZ-GABEIRAS, 1993). Así pois, debemos darlle unha cronoloxía de finais do mundo megalítico. A súa vez o

enxoval desta medoña pon de manifesto que os dólmenes con cámara cadrada e sen corredor foron usados no momento indicado. Cerámica tipo Penha tamén apareceu na medoña de Ramos (m-17 do conxunto do Carrizo) que ten cámara poligonal con corredor polo que tamén foi usada nesta mesma etapa cronolóxica.

3) A procura da territorialidade megalítica, polo menos na súa fase final, debe pasar por unha exploración sistemática de tódolos lugares posibles de hábitat, sen que haxa que descartar ocupacións dun mesmo lugar en épocas diferentes.





**BIBLIOGRAFÍA:**

ALONSO DEL REAL - VÁZQUEZ VARELA, 1976. "Excavaciones en Pena Grande. Excavaciones en os Penedos de O Carrizo". **Noticiario Arqueológico Hispánico. Prehistoria 5.** Madrid.

BOUZA BREY - MARTÍNEZ LÓPEZ - GARCÍA MARTÍNEZ, 1973. "Excavaciones en túmulos dolménicos en S. Andrés de Lousada". **Noticiario Arqueológico Hispánico. Prehistoria 2.** Madrid.

CRİADO BOADO - RAMIL SONEIRA - VÁZQUEZ VARELA, 1981. "Nuevos hallazgos de campaniforme en la provincia de Lugo". **Cuadernos de Estudios Gallegos XXXII.** Santiago de Compostela.

DE LA PEÑA SANTOS. A. 1984 "El Yacimiento de Lavapés (Cangas de Morrazo): Balance de las excavaciones 1981-1982" **Pontevedra Arqueológica I.** Pontevedra.

EGUILETA FRANCO, J., 1987. "Cartálogo dos materiais ergoloxicos depositados no Museo de Ourense procedentes de túmulos prehistóricos". Boletín Auriense. Ano XVII. Tomo XVII.

EGUILETA FRANCO - RODRÍGUEZ CAO - XUSTO RODRÍGUEZ, 1991. "O Túmulo M-2 de San Bieto (Grou)". **Arqueoloxía. Informes 2. Campaña 1988** Xunta de Galicia. A Coruña.

POMBO MOSQUERA - REGO ÁLVAREZ, 1990. "O Megalitismo nas terras de Vilalba" **Brigantium-6.** A Coruña.

POMBO MOSQUERA - REGO ÁLVAREZ, 1992 "O Megalitismo nas terras de Vilalba - Addenda" **Brigantium-7.** A Coruña.

VÁZQUEZ VARELA - GABEIRAS, 1993. "Nuevos datos e perspectivas sobre el megalitismo de Galicia: El túmulo número 5 de Lousada - Xermade (Lugo)" **Boletín do Museo Provincial de Lugo - VI.** Lugo.